

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 27 DE XANEIRO DE 2021.

Dá comezo a xuntanza ás 11:15 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada Antelo, Eva Rodil Rodríguez, Juan Bautista Zalvide Torrente, Carolina López Gómez, Margarita Estevez Saa, Rosa María Crujeiras Casais, José Ángel Fernández Escribano, Ángel García Alonso, Beatriz Álvarez Díaz, Valentín Estévez Souto, Isabel Fraga Carou, Ana María Porto Castro

Desculpan asistencia: José Miguel Túniz López, José Manuel Cifuentes Martínez

ORDE DO DIA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Informe das alegacións e plan de mellora ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública.
5. Asuntos de trámite
6. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Acordase aprobar a acta da Comisión do día 21/01/2022.

2. Informe do presidente da EDIUS

- Estase a elaborar un documento guía de axuda para os programas de doutoramento que deben, segundo indica o informe de acreditación da ACSUG, realizar unha modificación substancial da súa memoria do programa. Pretendese que as novas memorias dos programas de doutoramento sexan o mais homoxéneas posibles nos puntos como criterios de admisión e matrícula, requisitos xerais e específicos do programa, etc..
- A semana que ven mandarse dende a EDIUS un correo electrónico indicándolle os programas de doutoramento que teñen obrigatoriamente que presentar a súa declaración de intencións para a modificación da memoria do programa e os programas que se lles recomenda realizalo.
- O día de onte tivo lugar unha reunión co Vicerreitor de investigación e o responsable de recursos humanos da OIT para tratar o tema da convocatoria de contratos predoutorais da USC-Banco Santander e da convocatoria de contratos predoutorais da Xunta de Galicia. Para participar nestas dúas convocatorias non é

necesario estar matriculado nun programa de doutoramento pero si no momento de firma do contrato. A resolución das mesmas producirase fora do período ordinario de matrícula nos programas de doutoramento polo que é necesario que a USC indique como van resolverse os casos de estudantado cunha concesión de contrato que non estean matriculados en ningún programa de doutoramento. Nesta reunión indicouse que dende a USC váiselles enviar un correo electrónico o estudantado que fixo o rexistro de solicitude indicándolles que deberán solicitar a admisión no 2º convocatoria (do 3 ao 7 de febreiro) no programa de doutoramento onde desexen realizar a súa tese de doutoramento. No caso de non facelo dependerá se a secretaría xeral habilita ou non unha convocatoria extraordinaria de matrícula, para os programas con prazas vacantes, unha vez resolta a convocatoria.

- Seguimos sin conocer la persona que va a substituír o xefe do servicio de calidade e mellora dos procedementos da USC, José Manuel Villanueva,

3. Informe dos subdirectores da EDIUS

Non hai

4. Informe das alegacións e plan de mellora ao informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública

A comisión de calidade da EDIUS informou favorablemente a resposta a o informe provisional da ACSUG para a acreditación do programa de doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública condicionado á presentación das accións de mellora que consideren pertinentes

5. Asuntos de trámite

Non hai

6. Rogos e Preguntas

Sen mais asuntos que tratar levantase a sesións as 11:40 h

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Eva Rodil

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/03/2022 12:33:22.

Asinante/Firmante/Signer: EVA RODIL RODRIGUEZ, NIF ***2074**, 16/03/2022 09:43:35.

CSV: C07E-9543-4A6A-BAB5